

RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas do proceso selectivo (Praza núm. 3 -2ª FASE).

Por resolución do 31 de xullo de 2026, o tribunal nomeado pola resolución do 20 de maio do 2026 para valorar o proceso selectivo para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría (praza núm. 3 - Resolución do 9 de abril de 2026, DOG núm. 78, do 28 de abril), acordou outorgar ao candidato Javier Montenegro García (**6851**) **25 puntos** na segunda fase do proceso e un total no conxunto do mesmo de **97 puntos**.

Ao non presentarse reclamacións, acórdase elevar a definitivas as anteditas puntuacións.

Polo tanto, de acordo co establecido no artigo 14 das bases da convocatoria, o tribunal selecciona para a praza de investigador, na modalidade de investigador distinguido, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñaría a Javier Montenegro García (**6851**).

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

